

estructura orgánica recollida nos reais decretos 795/1995, do 19 de maio, polo que se crea e regula o Consello de Cooperación ó Desenvolvemento, e 451/1986, do 21 de febreiro, polo que se crea a Comisión Interministerial de Cooperación Internacional.

Disposición transitoria segunda. *Regulación da Comisión Interministerial do Fondo de Axuda ó Desenvolvemento.*

Ata que se elabore a normativa á que se refire o artigo 28.2, a Comisión Interministerial do Fondo de Axuda ó Desenvolvemento seguirá rexéndose pola súa regulación específica e emitirá informe sobre os proxectos ós que se refire o dito precepto.

Disposición transitoria terceira.

Ata a entrada en vigor da regulamentación que desenvolva as disposicións do artigo 28.1, o Ministerio de Asuntos Exteriores poderá dispoñer mediante resolución ministerial dos fondos habilitados anualmente no capítulo VIII dos orzamentos xerais do Estado, para aplicación do dito artigo 28.1.

Disposición derogatoria única. *Normas derogadas.*

1. Quedan derogadas tódalas normas de igual ou inferior rango no que contradigan ou se opoñan ó disposto na presente lei.

2. Sen prexuízo do previsto na disposición transitoria primeira, quedan derogadas expresamente as seguintes disposicións:

Real decreto 795/1995, do 19 de maio, polo que se crea e regula o Consello de Cooperación ó Desenvolvemento.

Real decreto 451/1986, do 21 de febreiro, polo que se crea a Comisión Interministerial de Cooperación Internacional.

3. Queda, así mesmo, derogada a disposición adicional segunda da Lei 6/1996, do 15 de xaneiro, do voluntariado.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento regulamentario.*

Autorízase o Goberno para dictar cantas disposicións de aplicación e desenvolvemento da presente lei sexan necesarias, incluídas as relativas ó réxime económico e orzamentario.

Disposición derradeira segunda.

O Goberno promoverá cantas accións e reformas lexislativas sexan precisas para a aprobación no prazo dun ano do estatuto do cooperante, de acordo co establecido no artigo 38 desta lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial do Estado».

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 7 de xullo de 1998.

JUAN CARLOS R.

16304 *CORRECCIÓN de erros da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións.* («BOE» 162, do 8-7-1998.)

Advertidos erros no texto da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, publicada no «Boletín Oficial del Estado» suplemento núm. 0 en lingua galega, do 15 de xuño de 1998, procédese a efectuar oportunas modificacións:

Na páxina 72, primeira columna, artigo 44, punto 1, cuarta liña, onde di: «... a ocupación do domicilio público...», debe dicir: «... a ocupación do dominio público...».

Na páxina 89, primeira columna, anexo, definición de «dereitos especiais», parágrafo c), cuarta liña, onde di: «... poñer en servizo ou a mesma zona...», debe dicir: «... poñer en servizo ou manter equipos terminais de telecomunicacións na mesma zona...».

16712 *LEI ORGÁNICA 6/1998, do 13 de xullo, de reforma da Lei orgánica do Poder Xudicial.* («BOE» 167, do 14-7-1998.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa esixe que determinados artigos da Lei orgánica do Poder Xudicial teñan unha redacción acorde coas previsións competenciais da Lei reguladora da mencionada xurisdicción.

A doutrina do Tribunal Constitucional establece que a lei orgánica estea reservada a materia orgánica (v. gr. sentencias do Tribunal Constitucional 15/1981, do 13 de febreiro, e 76/1983, do 15 de agosto). Non deben establecerse ou reformarse normas orgánicas mediante disposicións dunha lei non orgánica; iso esixiría votacións separadas e maiorías distintas no Congreso dos Deputados.

Como é ben sabido, a práctica parlamentaria pretende darlles solución ós supostos de anteprojectos mixtos (como sería un proxecto de lei procesual con determinados artigos reformadores da Lei orgánica do Poder Xudicial); tal práctica consiste na instrumentación de dous textos separados (unha lei ordinaria e unha lei orgánica) para regula-los distintos aspectos que, en ocasións, conflúen na mesma materia. Esta solución normativa dual veuse impoñendo en diversos ámbitos reguladores.

En consecuencia, parece oportuno aprobar, mediante unha lei orgánica independente, a reforma necesaria para facer coherente a Lei reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa e a Lei orgánica do Poder Xudicial.

Refórmase o artigo 9.4, establecéndose no seu derradeiro inciso que, se á produción do dano concorresen suxeitos privados, o demandante deducirá tamén fronte a eles a súa pretensión ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa. Por suxeitos privados hai que entender aqueles que non están ó servizo dos poderes públicos actuantes en cada situación; a responsabilidade de quen si o está esixírase, en todo caso, nos termos da Lei 30/1992.

Artigo único.

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial:

1. O artigo 9.4 queda redactado así:

«Os da orde contencioso-administrativa coñecerán das pretensións que se deduzan en relación coa actuación das administracións públicas suxeita ó dereito administrativo, coas disposicións xerais de rango inferior á lei e cos decretos lexislativos nos termos previstos no artigo 82.6 da Constitución, de conformidade co que estableza a lei desa xurisdicción. Tamén coñecerán dos recursos contra a inactividade da Administración e contra as súas actuacións materiais que constitúan vía de feito.

Coñecerán, así mesmo, das pretensións que se deduzan en relación coa responsabilidade patrimonial das administracións públicas e do persoal ó seu servizo, cualquera que sexa a natureza da actividade ou o tipo de relación de que se derive. De concorreren á produción do dano suxeitos privados, o demandante deducirá tamén fronte a eles a súa pretensión ante esta orde xurisdiccional.»

2. O artigo 58 redáctase da seguinte forma:

«A Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo coñecerá:

Primeiro. En única instancia, dos recursos contencioso-administrativos contra actos e disposicións do Consello de Ministros, das comisións delegadas do Goberno e do Consello Xeral do Poder Xudicial e contra os actos e disposicións dos órganos competentes do Congreso dos Deputados e do Senado, do Tribunal Constitucional, do Tribunal de Contas e do Defensor do Pobo nos termos e materias que a lei estableza e daqueles outros recursos que excepcionalmente lle atribúa a lei.

Segundo. Dos recursos de casación e revisión nos termos que estableza a lei.»

3. Engádeselle un novo punto 3 ó artigo 61 coa seguinte redacción:

«Unha sección, formada polo presidente do Tribunal Supremo, o da Sala do Contencioso-Administrativo e cinco maxistrados desta mesma sala, que serán os dous máis antigos e os tres máis modernos, coñecerá do recurso de casación para a unificación da doutrina cando a contradicción se produza entre sentencias dictadas en única instancia por seccións distintas da dita sala.»

4. O artigo 66 queda redactado nos seguintes termos:

«A Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional coñecerá, en única instancia, dos recursos contencioso-administrativos contra disposicións e actos dos ministros e secretarios de Estado que a lei non atribúa ós xulgados centrais do contencioso-administrativo e dos recursos devolutivos que a lei estableza contra as resolucións dos xulgados centrais do contencioso-administrativo. Tamén coñecerá dos recursos non atribuídos ós tribunais superiores de Xustiza en relación cos convenios entre as administracións públicas e coas resolucións do Tribunal Económico-Administrativo

Central. Así mesmo, coñecerá das cuestións de competencia que se poidan suscitar entre os xulgados centrais do contencioso-administrativo e daqueles outros recursos que excepcionalmente lle atribúa a lei.»

5. O artigo 74 redáctase da seguinte forma:

«1. As salas do contencioso-administrativo dos tribunais superiores de Xustiza coñecerán, en única instancia, dos recursos que se deduzan en relación con:

a) Os actos das entidades locais e das administracións das comunidades autónomas, cando o seu coñecemento non lles estea atribuído ós xulgados do contencioso-administrativo.

b) As disposicións xerais emanadas das comunidades autónomas e das entidades locais.

c) Os actos e disposicións dos órganos de goberno das asembleas lexislativas das comunidades autónomas e das institucións autonómicas análogas ó Tribunal de Contas e ó Defensor do Pobo, en materia de persoal, administración e xestión patrimonial.

d) Os actos e resolucións dictados polos tribunais económico-administrativos rexionais e locais que lle poñan fin á vía económico-administrativa.

e) As resolucións dictadas en alzada polo Tribunal Económico-Administrativo Central en materia de tributos cedidos.

f) Os actos e disposicións das xuntas electorais provinciais e de comunidades autónomas, así como os recursos contencioso-electorais contra acordos das xuntas electorais sobre proclamación de electos e elección e proclamación de presidentes de corporacións locais nos termos da lexislación electoral.

g) Os convenios entre administracións públicas que exerzan as súas competencias no ámbito territorial da correspondente comunidade autónoma.

h) A prohibición ou a proposta de modificación de reunións previstas na Lei orgánica reguladora do dereito de reunión.

i) Os actos e resolucións dictados por órganos da Administración xeral do Estado que estendan a súa competencia a todo o territorio nacional e dun nivel orgánico inferior a ministro ou secretario de Estado, en materias de persoal, propiedades especiais e expropiación forzosa.

j) Calquera outra actuación administrativa non atribuída expresamente á competencia doutros órganos desta orde xurisdiccional.

2. Coñecerán, en segunda instancia, das apelacións promovidas contra sentencias e autos dictados polos xulgados do contencioso-administrativo e dos correspondentes recursos de queixa.

3. Tamén lles corresponde, de acordo co establecido nesta lei, o coñecemento dos recursos de revisión contra as sentencias firmes dos xulgados do contencioso-administrativo.

4. Coñecerán das cuestións de competencia entre os xulgados do contencioso-administrativo con sede na comunidade autónoma.

5. Coñecerán do recurso de casación para a unificación de doutrina nos casos previstos na Lei

reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

6. Coñecerán do recurso de casación en interese da lei nos casos previstos na Lei reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.»

6. Suprímese o punto 2 do artigo 87.

7. Engádeselle un novo punto 4 ó artigo 90 coa seguinte redacción:

«Na vila de Madrid, con xurisdicción en toda España, haberá xulgados centrais do contencioso-administrativo que coñecerán, en primeira ou única instancia, dos recursos contencioso-administrativos contra disposicións e actos emanados de autoridades, organismos, órganos e entidades públicas con competencia en todo o territorio nacional, nos termos que a lei estableza.»

8. O artigo 91 queda redactado así:

«1. Os xulgados do contencioso-administrativo coñecerán, en primeira ou única instancia, dos recursos contencioso-administrativos contra actos que expresamente lles atribúa a lei.

2. Correspóndelles tamén ós xulgados do contencioso-administrativo autorizar, mediante auto, a entrada nos domicilios e nos restantes edificios ou lugares ós que para acceder se requira o consentimento do titular, cando iso proceda para a execución forzosa de actos da Administración.»

9. O artigo 152.2.1.º, parágrafo primeiro, redáctase nos seguintes termos:

«Aproba-las normas de reparto de asuntos entre as salas do tribunal e entre as seccións das audiencias provinciais e xulgados da mesma orde xurisdiccional, con sede na comunidade autónoma correspondente.»

10. O artigo 160.9 queda redactado da seguinte forma:

«Determina-lo reparto de asuntos entre as salas do tribunal da mesma orde xurisdiccional e entre as seccións destas de acordo coas normas aprobadas pola Sala de Goberno.»

Disposición transitoria única.

1. Entrementes non se cubra a totalidade da planta de órganos unipersonais do contencioso-administrativo establecida na Lei de demarcación e de planta xudicial, nos concursos para a provisión das ditas prazas xudiciais, en defecto dos candidatos a que se refire o parágrafo primeiro do número 2 do artigo 329 da Lei orgánica do poder xudicial, considerárase mérito preferente ter desempeñado comisións de servizo nesta orde xurisdiccional, sempre que a Sala de Goberno correspondente emita informe favorable e en atención á duración das comisións, ou acredita-la asistencia a cursos de especialización homologados polo Consello Xeral do Poder Xudicial nas materias propias da orde contencioso-administrativa.

2. As salas do contencioso-administrativo dos Tribunais Superiores de Xustiza poderán constituírse cun só maxistrado para coñecer dos procesos que, atribuídos por esta lei ós xulgados do contencioso-administrativo, estean pendentes perante as ditas salas no momento da entrada en vigor da lei.

Disposición derogatoria única.

Quedan derogadas tódalas normas de igual ou inferior rango no que se opoñan á presente lei orgánica.

Disposición derradeira única.

A presente lei orgánica entrará en vigor ós cinco meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 13 de xullo de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

16713 *LEI 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais. («BOE» 167, do 14-7-1998.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os servizos de comunicacións en xeral e, en particular, os postais, constitúen un elemento básico para o desenvolvemento económico, dinamizan os demais sectores productivos da economía do país e son xeradores indirectos de riqueza e de emprego. Son, ademais, un elemento clave para a cohesión social, para o incremento da competitividade das empresas e para o desenvolvemento do comercio en España.

Xustifica especialmente a regulación do sector postal a necesidade de recoñecemento explícito do dereito de todos a acceder ás comunicacións postais a un prezo asequible.

Inicialmente, partiuse no noso país da existencia dun monopolio por parte do Estado, para a prestación do servizo de correos. Esta idea foi cedendo a impulsos da realidade. Non obstante, o cambio de criterio só se traduciu en disposicións normativas parciais e asistemáticas. En moitos casos, esas disposicións nin sequera tiveron o rango suficiente. A normativa aplicable ó sector postal español atópase dispersa hoxe nun gran número de disposicións.

O marco que, durante moito tempo, serviu para regular a actividade postal en España foi a Ordenanza postal do 19 de maio de 1960. Non obstante, despois desa data, a realidade cambiou extraordinariamente.

Cómpre, pois, establecer unha regulación sistemática na que se determine o réxime ó que se debe acolle-la prestación do servizo postal universal, se garanta o dereito ás comunicacións postais de tódolos cidadáns e empresas, e se recoñeza o ámbito do sector postal que se encontra liberalizado, fixando as regras básicas que permitan a libre concorrencia. A lei achégalles seguridade xurídica ós que concorren nun mercado en réxime de libre competencia que, ata o de agora, carecía dunha regulación substantiva que determinase con claridade o contorno dos seus dereitos e obrigas.

A aprobación polo Parlamento Europeo e polo Consello, o 15 de decembro de 1997, da Directiva